

MEMORIA DO PROXECTO DE FOMENTO DO USO DO GALEGO

Curso 2023-2024

CEIP VIRXE DO ROCÍO

Vigo

ÍNDICE

1. Introducción.....	pág. 3
2. Descripción das actividades desenvolvidas do PFUG	
4.1 Dirixidas ao contorno sociolingüístico.....	pág.15
4.2 Dirixidas á situación do profesorado.....	pág.16
4.3 Dirixidas á situación do alumnado.....	pág.16
4.4 Dirixidas á situación lingüística do centro.....	pág.21
5. Cadro-resumo das actividades programadas.....	pág.23

1.INTRODUCCIÓN

O Equipo de Normalización e Dinamización da Lingua Galega do CEIP Virxe do Rocío (Vigo), presenta no seguinte documento as actividades desenvolvidas no curso 2023-24 en prol do fomento do uso da lingua galega no noso centro.

O principal obxectivo proposto para este proxecto foi o de desenvolver un maior dominio e competencia da lingua galega entre os nenos e nenas deste centro, que nomeadamente na parte oral, padece dunha ausencia practicamente total de oralidade en lingua galega entre o alumnado, xa sexa en contextos formais como informais. No deseño das actividades programadas neste proxecto, a premisa foi a de seleccionar actividades atractivas e motivantes que acadasen a maior efectividade posible, fomentando espazos de uso do galego entre o noso alumnado (radio, biblioteca, vídeo, teatro...). Outras das intencións deste proxecto foron: implicar ao conxunto do profesorado, mostrar a utilidade da nosa lingua e a súa proximidade á portuguesa, así como o coñecemento do patrimonio inmaterial común entre Galicia e Portugal.

DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO

4.1 Descrición detallada das actividades de dinamización lingüística para cada un dos obxectivos propostos:

1. Atendendo á contorna sociolingüística do centro:

- Lembramos ao Concello a nosa demanda de **mudar o nome do centro**, do actual “Virxe do Rocío” ao de “CEIP do Resío”. Sendo unha decisión tomada polo claustro hai anos, segue sen ser atendida nin atopar resposta.

- Mantívose **contacto coas organizacións do noso contorno**: centros escolares, asociacións veciñais, asociacións deportivas, medios de comunicación, etc. Que realzan actividades nas que se fomenta o uso da lingua galega.

<https://virxedorocio.blogspot.com/2024/03/a-tvg-faise-eco-do-noso-pdi-saimos-no.html>

<https://virxedorocio.blogspot.com/2024/03/a-tvg-da-conecer-as-nosas-actividades.html>

<https://virxedorocio.blogspot.com/2023/12/decoramos-pergola-de-bouzas-colaboramos.html>

- **Procurouse a implicación das familias nas actividades** desenvolvidas ao longo do curso.

<https://virxedorocio.blogspot.com/2024/05/facemos-ceramica-coa-mama-de-estela-e.html>

<https://virxedorocio.blogspot.com/2024/05/lolo-e-papiroflexia.html>

<https://virxedorocio.blogspot.com/2024/03/queremos-conecervos.html>

<https://virxedorocio.blogspot.com/2024/02/nais-e-pais-steam.html>

<https://virxedorocio.blogspot.com/2023/11/25-de-santos-dia-internacional-contra.html>

<https://virxedorocio.blogspot.com/2023/10/traballo-colaborativo-en-familia.html>

<https://virxedorocio.blogspot.com/2023/10/concurso-de-microrrelatos-de-medo-e.html>

<https://virxedorocio.blogspot.com/2023/10/celebracion-do-dia-das-escriptoras.html>

- Seguimos a **traballar nos distintos blogues** que hai no centro que empregan a lingua galega, nomeadamente: "O Blogue de Picolindo" e o blogue de Normalización e Dinamización do centro "A voz do Resío", no que se informan das novas de actualidade que afectan o galego, informamos de cursos e actividades centradas na lingua galega e onde ademais se ofrecen multitude de recursos: lecturas, música, filmes, actividades educativas, etc...

<http://virxedorocio.blogspot.com/>

<http://avozdoresio.blogspot.com/>

- Canles de vídeos:

- **"Booktrailers"**: Desde a biblioteca os alumnos recomentan lecturas ao resto da comunidade educativa.

<https://virxedorocio.blogspot.com/2024/03/booktrailers-biblioteca-creativa-8m.html>

- **"A Reconquistiña"**: Evento organizado polo Concello por mor da Reconquista de Vigo, no que participan o alumnado de 3º e 4º de Primaria, desfilando e facendo música pola parte histórica da cidade.

Actividades relacionadas co proxecto anual: Tendo en conta o proxecto anual de centro "Un planeta cheo de vida", no que se traballarán a diversidade de ecosistemas que hai no noso planeta, así como a capacidade dos seres vivos para

adaptarse ás distintas condicións ambientais, moitas das actividades desenvolvidas neste PFUG estarán orientadas a coñecer diversos ecosistemas próximos á nosa escola.

*- **Visita á parroquia de Matamá para ver a fraga das Alvorezas, os petróglifos das Millaradas e o muíño da Regueira.***

*- **Visita á zona húmida da Bouza.** Coñeceremos esta braña, a súa fauna e flora, así como as especies invasoras que a ameazan.*

- Actividade intercentros:

- "O Nadal de Shrek". En colaboración co IES Alexandre Bóveda, asistimos a unha obra de teatro.

<https://virxedorocio.blogspot.com/2024/01/actividade-intercentros-o-nadal-de-shrek.html>

*- "**Regueifando!**": Os alumnos de 5º de Ed. Primaria participaron no Regueifando!, organizado polo Correlingua. A nosa creación forma parte dun vídeo colectivo no que participaron diversas escolas de Galicia a ritmo de regueifa.*

<https://www.youtube.com/watch?v=mknWJCWneKo>

- Tamén participamos nun Obradoiro de Regueifas, ofrecido polo Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Vigo, dirixido por Luís Caruncho e Pinto de Herbón.

<https://virxedorocio.blogspot.com/2024/03/regueifas-no-resio.html>

- Participación no Correlingua. Nesta edición do Correlingua 2024 , celebrada en Vigo o 23 de maio, participou todo o alumnado do centro, tanto o de Ed. Infantil como o de Ed. Primaria.



- **Torneos de fútbol gaélico:** O noso centro participou co alumnado de 6º EP no primeiro campionato galego escolar de fútbol gaélico, disputado en Boqueixón o 23 de marzo, xunto a outros centros de Galicia: IES Xelemírez, IES Boqueixón, Colexio Montecastelo, CEIP de Toén. Posteriormente, tamén participamos no torneo europeo escolar celebrado en Vigo (Féile) no que participaron equipos de Francia, Suíza, Alemania e Bélxica.

Tamén recibimos a visita dun adestrador irlandés que os deu unhas sesións de fútbol gaélico nos cursos de 5º e 6º de Primaria.


<https://asnosas.gal/european-feile-vigo-futbol-gaelico-infantil-cadete/>



- Realizouse tamén unha enquisa sobre o uso da Lingua Galega ao alumnado de 5º, ao profesorado e ás familias, co fin de actualizar os datos sobre a realidade sociolingüística do centro.

ENQUISA FAMILIAS USO DO GALEGO (68 RESPPOSTAS)


Que coñecemento tes da lingua galega?
68 respostas




Onde aprendiches o galego?
68 respostas



En que ámbito empregas máis o galego?
68 respostas




Cal é a lingua na que falas habitualmente?
68 respostas



Cal é a lingua na que escribes habitualmente?


67 respostas



- Galego
- Máis galego que castelán
- Máis castelán que galego
- Castelán
- Outras linguas


Hábitos lectores: En que lingua les?

68 respostas




- Galego
- Máis galego que castelán
- Máis castelán que galego
- Castelán
- Outras linguas

Usos de : televisión, radio, internet, música, audiovisuais, entretemento en Lingua Galega
68 respostas




ENQUISA ALUMNOS USO DO GALEGO (17 RESPPOSTAS)

Que lingua...




Excluindo as las de idiomas (Castelán, Inglés, Galego) que lingua....




Como consideras a túa competencia para empregar o galego?

16 respostas




Que che resulta máis difícil en galego?

15 respostas



En que outros ámbitos recibes ou usas o galego?


16 respostas




ENQUISA PROFESORADO USO DO GALEGO (14 RESPOSTAS)

Cal é a túa competencia en lingua galega?


13 respostas



Que lingua...




No centro educativo, que lingua...



En que outro ámbito usas o galego?

11 respostas



2. Atendendo á **situación do noso profesorado:**

- *Participamos en cursos de formación nos que se fomenta o emprego da lingua galega co alumnado. Este curso, o claustro participou no PFPP interanual no que este ano traballamos edición de vídeo e afondamos na edición de radio.*
- *Informouse sobre as posibilidades de formación dos mestres/as coa participación en cursos, xornadas, etc.*
- *Continuamos coa actividade "**A palabra do día**". Esta actividade consiste en poñer no encerado da sala de mestres unha palabra e a súa definición cada día. Este ano, o tema anual é "Un planeta cheo de vida" e as palabras estarán relacionadas coas escrituras e códigos de comunicación.*
- *Proporcionouselle ao profesorado información sobre materiais didácticos, lingüísticos (lexicográficos e terminolóxicos) e pedagóxicos existentes que lles permitan unha maior precisión léxica especialmente no exercicio da docencia.*

- *Recompilación e rexistro do material en galego empregado no exercicio da docencia polos mestres en cada unha das etapas de ensino, co fin de coñecer a cantidade de material dispoñible en cada nivel, materia e tema, así como a súa utilización efectiva por parte do profesorado.*
- *Elaboración de rexistros, rúbricas ou cuestionarios que o profesorado poida empregar para valorar o emprego do galego nas materias que así se imparten.*

➤ Atendendo á **situación do noso alumnado:**

Todos os cursos, o noso centro traballa cun proxecto anual para todos os alumnos. O tema central para este curso é “Un planeta cheo de vida”. Baixo este tema, traballaremos ao longo do curso de maneira coordinada diversas actividades, tanto desde a aula co titor, como desde a aula TIC, biblioteca, plástica e tamén desde o EDNL.

Titorías

- **Exposición dos expertos:** Seguindo a programación do proxecto anual, cada curso traballará en profundidade unha parte distinta das Ciencias Experimentais:

(4º EI) A sabana	(3º EP) O mundo das formigas
(5º EI) O deserto	(4º EP) As Illas Atlánticas
(6º EI) Os lagos	(5º EP) Bosques e fragas
(1º EP) A selva	(6º EP) Os polos
(2º EP) Os ríos	

- A seguir, os cursos preparan a exposición do tema no que se fixeron expertos que deberán presentar ante o resto de compañeiros do centro nunha conferencia.

<http://virxedorocio.blogspot.com/2024/04/resumo-das-xiii-xornadas-de-expertos-un.html>

TIC

Desde a aula STEM participamos no programa de "Polos Creativos". As diferentes actuacións que se fixeron quedan aquí recollidas:

<https://view.genially.com/6657befe3131cb001354f843/interactive-content-evidencias-graficas-polos-creativos-ceip-virxe-do-rocio>

BLOGS

" O Blogue de Picolindo" Este é o blog da escola do Resío, no que van aparecendo as diversas actividades que realizamos na escola, así como as noticias máis relevantes para a nosa comunidade educativa.

- "A voz do Resío" Blog do EDNL no que os alumnos de 5º e 6º expoñen noticias e contidos relacionados coa nosa lingua.

RADIO

Tras varios anos realizando esta actividade, todos os cursos de Primaria e 6º de Ed. Infantil, pasaron pola radio para realizar intervencións na radio. O peso da actividade recae sobre o alumnado de 5º e 6º de Ed. Primaria, que ademais de crear os contidos son os

encargados de editar os programas. Pensamos que este é un medio idóneo para traballar a nosa lingua entre o alumnado, pois teñen que traballar primeiramente o contido que van expoñer, e por outra dámoslle un pulo á competencia oral en lingua galega.

<https://view.genially.com/65d000635f53f40014c10928/interactive-content-programas-radio-2324>

Biblioteca

- **Clubs de lectura:** No centro funcionan varios *clubs de lectura*, tanto para o alumnado como para adultos. Os libros que se empregan son maioritariamente en lingua galega. Este ano continúan a desenvolverse, un día na hora de Ler ou no patio.

<https://virxedorocio.blogspot.com/2024/01/botan-andar-os-clubs-de-lectura.html>

<https://virxedorocio.blogspot.com/2024/01/club-de-lectura.html>

<https://virxedorocio.blogspot.com/2024/05/club-de-lectura-mestres-e-familias.html>

<https://virxedorocio.blogspot.com/2024/02/encontro-co-escritor-peddro-feijoo-club.html>

<https://virxedorocio.blogspot.com/2024/02/club-de-lectura-botella-de-lentellas-e.html>

<https://virxedorocio.blogspot.com/2024/04/club-de-lectura-con-hector-cajaraville.html>

- **Mochila viaxeira:** Cada semana, en todos os cursos se reparten mochilas nas aulas con material da biblioteca, que van pasando por todo o alumnado, de casa en casa durante unha semana. Do material que inclúe a mochila viaxeira, a maior parte é en lingua galega. A mochila viaxeira contén lecturas para toda a familia, tanto para os nenos como para os pais. O material está relacionado co PDI anual "Un planeta cheo de vida"

- **Visita de autores:** Todos os anos recibimos a visita de diferentes autores que pasan pola nosa biblioteca para comentar con nós algunha das obras que tratamos na escola.

<https://view.genially.com/6606e9d4e88e430013610a48/interactive-content-hoxe-visitanos2324>

- **Día de Rosalía:** Desde a biblioteca, chegando ao día de Rosalía (23 de febreiro) faise esta actividade consistente en que os alumnos deixan nunha caixa de correos cartas a un determinado compañeiro ou profesor cunha poesía.

<https://virxedorocio.blogspot.com/2024/02/23-de-candeas-dia-de-rosalia-de-castro.html>

- AGASALLA POESÍA, todos escollen e agasallan poesías e, para ver se algúen se acordou de ti, tes que ir á biblioteca e preguntar aos encargados: Hai versos para min?, entón mirarán na caixa e chos darán.

Ademáis, no centro da biblio montamos unha gran cesta con libros de poesía en galego que tiñan que ver co tema anual: animais, plantas, ecosistemas, paisaxes... Todo o alunado de primaria pasou por alí, elixiu o seu poema e gravouno na Radio Escolar. Os máis chulos foron incluídos nun podcast.

<https://virxedorocio.blogspot.com/2024/03/dia-da-poesia-21-de-marzo.html>

- Cita a cegas cun libro: Picolindo empresta ao alumnado un libro relacionado co tema anual "Un planeta cheo de vida" e agora espera os vosos fermosos traballos desexando que a súa elección fora do voso agrado.

<https://virxedorocio.blogspot.com/2024/03/encontro-as-cegas-cun-libro.html>

Plástica

- **Elaboración de murais relacionados co tema anual:** "Un planeta cheo de vida"
- **Elaboración dos disfraces do Entroido.** Estes están sempre relacionados co tema anual.
- **Elaboración do Meco de Entroido.** Todos os anos constrúese un Meco que guiará as actividades da semana previa ao Entroido, e que sempre se fan en lingua galega: mandadiños, pasarrúas, xuízo, etc.
- **Recuncho fedelleiro:** Habilitouse un espazo da escola no que se expoñen diversos materiais: pósters, instrumentos, etc. Este espazo será dinamizado desde as titorías e biblioteca con diversas actividades, pero o obxectivo é que os alumnos acodan a el de xeito autónomo a realizar actividades.
- **Calendario anual** arredor das diferentes formas de comunicación: xeroglíficos, pintura, alfabetos, radio, teatro, fotografía, etc.
- **Tarxeta de felicitación de Nadal:** Realízase entre o alumnado un concurso para escoller a tarxeta de Nadal que se envía ás casas. Do mesmo xeito que o calendario anual, empregarán a lingua galega.

- **Crebacabezas xigante para o día das Letras Galegas.** Este crebacabezas formará parte das actividades desenvolvidas no día das Letras Galegas, sendo elaborado previamente nas aulas de Plástica polo alumnado.

Alén das actividades relacionadas co proxecto anual, as actividades propostas polo EDNL para fomentar o uso do galego son as seguintes:

* **"21 días co galego"**: Seguindo o proxecto desenvolvido polo IES da Pobra de Caramiñal, fixemos cos cursos superiores de 5º e 6º de Ed. Primaria unha adaptación para potenciar o uso da lingua a nivel oral, tanto dentro como fóra da aula. Neste proxecto o alumnado debe escribir as súas experiencias a xeito de diario, gravalas en arquivos de audio/vídeo. Algúns dos retos propostos deberán ser levados á práctica en conversa familiares ou entre compañeiros fóra do ámbito puramente académico.

2. Emprazarase aos alumnos a empregar a lingua galega naquelas materias que sexan impartidas nesta lingua, sendo visiblemente compensada e valorada na súa calificación a adopción desta actitude.
3. Participación nas actividades e obradoiros que se ofertan desde o Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Vigo.
4. Sumar á adquisición de materiais en galego para a biblioteca (libros, revistas, CD, DVD) a adquisición de algún material en lingua portuguesa.
5. Promoveráse a participación do alumnado en concursos de redacción, poesía, contos, banda deseñada, etc. tanto organizados polo centro como por outras entidades.
6. Promoveráse o uso do galego nas actividades realizadas con medios audiovisuais como radio, vídeos, animacións, etc.
7. Fomentarase, a través de xogos e doutras actividades lúdicas, o uso do galego nas actividades informais do alumnado.

8. *Programaranse e realizaranse diferentes actividades artelladas en torno a datas sobranceiras, eventos ou conmemoracións que nos axuden a acadar un maior coñecemento da nosa cultura.*

SAMAÍN:

- *Ambientación do "Corredor do Terror" na entrada da escola.*

- *Elaboración, de material informativo específico para os titores con actividades para o alumnado segundo a súa idade.*

- *Enviarase unha circular aos pais e nais solicitando a súa colaboración para realizar unha exposición de cabazos de Samaín.*

- *Concurso de receitas e un concurso de adiviñas e "esconxuros" desde a Biblioteca do centro.*

<https://virxedorocio.blogspot.com/2023/11/esconxuros-de-samain.html>

- *Concurso de Relatos Curtos de Medo e Terror. Os traballos debían ser presentados nun vídeo ou nun audio e ser realizados en lingua galega.*

<https://view.genially.com/653572e279f99d0011adc63d/presentation-vi-microrrelatos-de-medo-23>

https://virxedorocio.blogspot.com/2023/10/festa-do-samain_31.html

MAGOSTO:

- *Elaboración e distribución de unidades didácticas para traballar nas aulas con cancións, ditos, poesías, adiviñas e refráns.*
- *Elaboración de obradoiros, en función dos ciclos e cursos do alumnado, nos que se traballarán os xogos tradicionais como os peóns, as bólas, a corda e a billarda.*
- *O magosto realizarase de xeito tradicional (fogueira de frouma no chan) e na súa organización colaborarán coma sempre os membros da ANPA.*

<https://virxedorocio.blogspot.com/2023/11/festa-do-magosto.html>

NADAL:

- *Celebración do concurso de debuxo de felicitacións de Nadal.*
- *Impresión do calendario anual e da tarxeta gañadora.*
- *Exposición de libros de Nadal.*
- *Fomento da figura do Apalpador, do que colocaremos un boneco na entrada da escola.*
- *Celebración do festival de Nadal, no que os distintos cursos ofrecerán panxoliñas e representacións teatrais.*

- Degustación de chocolate con churros. Celebración das badaladas e toma das uvas.

<https://www.youtube.com/watch?v=yV03iN313KA>

<https://virxedorocio.blogspot.com/2023/12/festival-de-nadal.html>

<https://view.genially.com/659744b66cee240014f4931e/guide-galeria-de-videos-nadal-2023>

<https://virxedorocio.blogspot.com/2023/12/postal-de-nadal.html>

DÍA DA PAZ:

- O día da paz realizamos un acto no que sempre empregamos unha canción relacionada coa paz como slogan. Este ano escollemos, a canción "Capaz coa paz".

<https://virxedorocio.blogspot.com/2024/01/dia-da-non-violencia.html>

<https://virxedorocio.blogspot.com/2024/02/persoeiros-pola-paz.html>

<https://virxedorocio.blogspot.com/2024/01/biblioteca-creativa.html>

<https://virxedorocio.blogspot.com/2024/01/poema-ao-non-de-gloria-fuertes.html>

https://www.youtube.com/watch?v=h_5pSp8Ta94

<https://virxedorocio.blogspot.com/2024/01/un-planeta-cheo-de-paz.html>

<https://virxedorocio.blogspot.com/2024/01/mediadores-de-convivencia.html>

ENTROIDO:

- *A celebración do Entroido estivo relacionada tamén coa temática do proxecto anual, polo que os distintos cursos irán disfrazados con motivos inspirados no tema no que cada curso será "experto".*
- *Traballamos con unidades didácticas a diversidade de costumes e figuras que conforman os entroidos das distintas zonas de Galicia, comparando estes cos Carnavales doutros lugares do mundo.*
- *Aparición e actuación dos "Merdeiros", personaxe tradicional do entroido vigués xa coñecida polo noso alumnado. Actuarán de merdeiros os alumnos dos cursos máis altos, sendo os encargados de comprobar que o alumnado e o profesorado cumpren os "mandadiños" e de aplicaren os correspondentes castigos a quen non os cumpra.*
- *Deseño e creación do Meco na aula de Plástica. Os alumnos de 6º serán os encargados de elaborar os "mandadiños" que toda a comunidade educativa deberemos obedecer. O venres 9 de febreiro fixemos un pasarrúas (se o permite a situación sanitaria) polo noso barrio amosándolles aos veciños os nosos disfraces. Unha vez rematado, xulgaremos ao Meco e, se procede, prenderémoslle lume.*

<https://virxedorocio.blogspot.com/2024/02/programa-entroido-2024.html>

<https://virxedorocio.blogspot.com/2024/02/obradoiros-de-entroido-en-familia.html>

<https://virxedorocio.blogspot.com/2024/02/club-de-lectura-botella-de-lentellas-e.html>

<https://virxedorocio.blogspot.com/2024/01/dia-da-non-violencia.html>

<https://www.youtube.com/watch?v=oQpxXtHCz0g>

<https://virxedorocio.blogspot.com/2024/02/festa-de-entroido-2024.html>

DIA DO LIBRO: *de novo levaremos a cabo unha maratón de lectura, para a que empregaremos sobre todo libros que teñan relación co tema global do curso. Repetiremos a exitosa experiencia da lectura de contos por parte dos nenos maiores aos máis pequenos.*

<https://virxedorocio.blogspot.com/2024/04/23-abril-dia-do-libro.html>

<https://virxedorocio.blogspot.com/2024/04/concurso-chapa-identificativa-dia-do.html>

DIA DOS MAIOS: *Todos os anos celebramos a festa dos Maios con distintas actividades. O alumnado trae a escolas elementos vexetais e florais cos que despois confeccionamos grilandas e decoramos o Maio. Como é xa tradición no noso centro, os alumnos de 4º bailarán a*

“danza das fitas”. Por último, o resto de cursos preparan as coplas e a canción do maio, que interpretarán mentres os seus compañeiros de 4º curso fan a danza das fitas.

DIA DAS LETRAS GALEGAS: *A autora homenaxeada para o ano 2024 é Luísa Villalta, figura sobre a que se fixeron distintas actividades:*

*- **Crebacabezas xigante de Luísa Villata.** O día da celebración os alumnos, organizados en grupos, deben superar diversas probas e investigar sobre a figura homenaxeada neste ano, por cada proba superada o grupo recibirá unha peza do creba cabezas, que unha vez finalizada a gimkana, constrúen entre todos os grupos o crebacabezas xigante.*

*- **Marathon de lectura** na biblioteca. (Mes de Maio)*

- Lecturas das obras de Luísa Villalta

- Traballo cos materiais suministrados desde a Coordinadora de EDNL e o Servizo de Normalización de Vigo.

- Programa especial de radio adicado aos Maíos e Letras Galegas.

https://www.ivoox.com/programa-das-letras-galegas-2024-audios-mp3_rf_128719014_1.html

<https://virxedorocio.blogspot.com/2024/05/celebramos-os-maios-e-as-letras-galegas.html>

 **Atendendo á situación lingüística do centro**

- *Solicitar a aprobación na nova denominación do centro, "CEIP do Resío"*
- *Demandar a rotulación do centro coa nova denominación elixida polo claustro, "CEIP do Resío"*
- *Empregarase a lingua galega nos aspectos visuais e documentais do centro:*
- *Tendo en galego a rotulación do centro tanto a externa como a interna: todo tipo de carteis, letreiros, avisos, horarios, calendarios, taboleiros de anuncios, catalogación da biblioteca, catalogación do material audiovisual, etc.*
- *Redactando en galego toda a documentación administrativa e pedagóxica, tanto no que atinxe á planificación educativa (Proxecto educativo de centro, proxectos curriculares, planificación das actividades docentes anuais, etc.) como no que corresponde a tarefas de reforzo, asesoramento e apoio técnico (adaptacións curriculares, proxectos de formación do profesorado nos centros, proxectos de grupos de traballo e seminarios, proxectos de innovación, documentación dos gabinetes psicopedagóxicos, etc.) así como todo o relativo ao seguimento e control do alumnado e da tarefa docente (memoria anual do centro, boletín de cualificacións, expedientes do alumnado, informes dos consellos de avaliación, etc.).*
- *Galeguización dos recursos tecnolóxicos que aínda non estean: dispositivos electrónicos, menús de usuarios, aplicacións de computador, etc.*
- *Tentarase facer tamén en galego a documentación económica: recibos, inventarios, balances, documentos contables, etc. e a restante documentación oficial: arquivos, comunicacións, convocatorias, avisos, certificados, actas de reunións, oficios, regulamentos, follas*

informativas..

- *Manteranse en galego os carimbos empregados nas tarefas administrativas: o oficial do centro, os de rexistros de entrada e saída, o da biblioteca, etc.*
- *Empregarase a lingua galega nas comunicacións orais e escritas co alumnado, coas familias e con outras institucións.*
- *Comunicacións orais: atención ao público, reunións coas familias, intervencións en actos oficiais, intervencións nos medios de comunicación, campañas informativas do centro, semanas ou xornadas culturais, celebracións, actuacións teatrais e musicais, festivais, megafonía, asembleas, etc.*
- *Promover a utilización da lingua galega nas comunicacións coa ANPA.*

AVALIACIÓN DO PROXECTO

O desenvolvemento do PFUG durante este curso, foi bastante satisfactorio. Retomáronse moitas das actividades que non se puideron desenvolver noutros anos.

- O funcionamento do equipo foi mellor que noutros anos, habendo unha mellor distribución de tarefas e unha maior coordinación no desenvolvemento do traballo.

- O grao de cumprimento dos obxectivos e actividade propostas no PFUG deste curso foi satisfactorio. Cómpre sinalar a implicación de boa parte do alumnado e das familias no desenvolvemento das actividades propostas desde o EDNL. Porén tamén existen pequenos fallos que poden ser corrixidos nos vindeiros anos.

- A consecución real dos obxectivos propostos foi bastante alto, achégase dabondo ás expectativas. Hai que ter en conta que estes están propostos de xeito realista, non pretendemos facer máis do que podemos abarcar.

- En xeral, a resposta das familias foi moi boa en todas as actividades nas que se pediu a súa participación.

Os aspectos a mellorar en futuros cursos son os seguintes:

- A actividade de "21 días co galego" É unha actividade moi motivante para o alumnado, polo que convén potenciala. Sería moi interesante extendela a outros grupos, non só os cursos de 5º e 6º de Primaria. Porén, esta actividade precisa materiais de apoio que permitan desenvolver con maior profundidade as tarefas propostas.

- Asentar a actividade de radio para que entre todos os cursos se poida realizar unha emisión de xeito máis regular.

- Ao celebrar as Letras Galegas e os Maios na mesma xornada, este ano a figura do autor homenaxeado quedou un pouco diluída, polo que propoñemos volver a realizar algunha actividade arredor do autor que permita unha posta en común entre todo o alumnado do centro. Por outra banda, hai que ter en conta que hai autores cunha magnífica obra en prol do galego, pero que non sempre dispoñen de textos axeitados para organizar lecturas colectivas.

ASINADO:

Coordinador do EDNL

JUAN LUIS FERNÁNDEZ PÉREZ

Visto e prace:

A directora do centro

ÁNGELA NOVOA BLANCO

Vigo, 20 de xuño de 2024